

# GALICIA BANNER, S.L.



**“Desenvolvemos unha tecnoloxía para un cliente e descubrimos que aportaba un importante valor engadido”**

*Rubén López Ferreiro*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Axencia de publicidade especializada en Internet
<b>Sector de actividade</b>	Servizos relacionados coa imaxe, a comunicación e o son
<b>Nº empregados</b>	11
<b>Inversión inicial</b>	66.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado por fondos propios e UNIRISCO
<b>Web:</b>	<a href="http://www.galiciabanner.com">www.galiciabanner.com</a>
<b>Municipio:</b>	Vigo, Pontevedra
<b>Ano creación:</b>	2001

## Descrición do proxecto

Trátase dunha axencia de publicidade especializada en Internet.

Dedicámonos a deseñar, planificar e executar campañas para os principais anunciantes galegos, colaborando coas axencias tradicionais líderes na nosa comunidade. Unha vez que a campaña está en marcha, realizamos un seguimento e unha análise dos resultados a través das ferramentas de análise e control máis avanzadas do mercado.

Partimos de que anunciarse en Internet ten unhas vantaxes notables; ofrece unhas posibilidades de segmentación inigualables, permite un seguimento de resultados en tempo real, a posibilidade de reconducir unha campaña, permite demandar información adicional a un custo nulo, e constitúe un medio ideal para a creación dunha marca, reforzo publicitario e o acceso a un número masivo de compradores potenciais.



## Descrición do proxecto

A nosa carteira componse de catro grandes liñas:

Consultoría: asesoramos ao cliente sobre as posibilidades de promover os seus produtos en Internet, analizamos os soportes máis axeitados en cada caso, elaboramos planos de medios e acciónes, etc.

Deseño: desenvolvemos creatividade para executar a campaña, e para iso contamos cun equipo de deseñadores especializados en Internet.

Compra de medios

Avaliación de resultados

Contamos con dous tipos de tecnoloxía de ADSERVER para a xestión de publicidade on-line; o DART de Doubleclick e o GBSERVER, unha tecnoloxía propia de GaliciaBanner, desenvolvida para a xestión de anunciantes locais.

Ademais, para optimizar o resultado das campañas dos nosos clientes, mantemos alianzas con algunhas das primeiras axencias e centrais de publicidade en Internet a nivel mundial, así coma con outras redes nacionais.

Desde o ano 2000 temos traballado de forma especializada na planificación de medios dixitais. No verán de 2007, GaliciaBanner incorporouse ao grupo de marketing internacional Elogia e se converteu na súa división de medios: Elogia Media. Este grupo é unha axencia de marketing 360º, centrado na filosofía do marketing singular e que conta con presenza en España, Portugal, México, Arxentina e Brasil.

Elogia Media mantén en Galicia como produto diferenciado a rede de soportes exclusivistas GaliciaBanner, coa que distribúe publicidade a máis de 20 soportes galegos entre os que se atopan as principais cabeceiras de información online e os sites independentes con maior cobertura da Comunidade.

## Datos empresa

### Claves do éxito

Creemos que a clave principal consistiu en saber adaptarnos ao mercado. Inicialmente dedicámonos a comercializar publicidade para unha serie de portais galegos. Hoxe somos unha consultora de publicidade en Internet, ofrecemos ao cliente un servizo de asesoramento e executamos campañas comerciais en calquera sitio (aquí ou en Moscú).

### Situación actual

Como se comenta no apartado de "orixe da idea", evoluímos moito desde o proxecto inicial. Neste momento, o noso obxectivo é avanzar e consolidarnos no mercado da consultoría de publicidade.

### Perfil cliente

En xeral, os nosos clientes son empresas orientadas a grande consumo e compañías grandes e medianas. Tamén traballamos coa Administración.





## Idea inicial

Cando traballábamos en REDINC, xurdiu a necesidade de desenvolver un sistema de publicidade para un cliente. Tratábase dunha tecnoloxía moi concreta que permitise anunciar en formato flash. En 1999, non existía esta tecnoloxía, así que a desenvolvimos e vendimos unha ferramenta que o facía posible. Foi entón cando vimos unha oportunidade no mercado e decidimos ofrecer a nosa ferramenta a outros clientes. Consequimos acordos con xestores de portais galegos para ser os provedores desta tecnoloxía. Logo xurdiu a posibilidade de comercializalo de forma agregada, é dicir, convertémonos nunha central de compras para anunciantes. En vez de cobrar unha prima por proporcionar a tecnoloxía, instalámola e buscamos anunciantes que nos pagan por ela.

Chegou o momento no que xurdiu a necesidade de crear unha empresa só para esta liña de negocio e comezou a fase de busca de capital. Contactamos con empresas do sector (moitas delas empresarios de portais en Internet que estaban interesados en participar na nosa sociedade porque comercializábamos os seus espazos) e con UNIRISCO.

Desde o ano 2000 traballouse de forma especializada na planificación de medios dixitais. No verán de 2007, Galiciabanner incorporouse ao grupo de marketing internacional Eloxia e converteuse na súa división de medios: Eloxia Media. Este grupo é unha axencia de marketing 360°, centrado na filosofía do marketing singular e que conta con presenza en España, Portugal, México, a Arxentina e Brasil. Eloxia Media mantén en Galicia como produto diferenciado a rede de soportes exclusivistas Galiciabanner, coa que distribúe publicidade a máis de 20 soportes galegos entre os que se atopan as principais cabeceras de información online e os sites independentes con maior cobertura da Comunidade.

## Principales dificultades y amenazas futuras

Unha das dificultades principais foi a inmadurez do mercado. Vender publicidade en internet en Galicia foi unha odisea. A nosa misión inicial foi practicamente evangelizadora, para dar a coñecer aos nosos potenciais clientes o valor engadido real que lles podíamos achegar. Ademais, ningún dos que formábamos o equipo éramos especialistas en publicidade on-line, por iso ao principio, tivemos que diversificar a nosa oferta e rendibilizar o investimento, ata que nos fixemos especialistas no tema.

Canto ás ameazas, máis que temor a novos competidores, a ameaza de que os novos competidores que operan a nivel nacional, desembarquen en Galicia. E tamén a posible competencia das axencias de publicidade convencionais, que comezan a introducirse no contorno de Internet.

## Perfil promotores

Rubén López é licenciado en Económicas e Master en Comercio Electrónico. Realizou ademais un programa de Dirección de Empresas e traballou na empresa REDINC da que foi promotor Javier Represas. A empresa conta con outro socio máis.

## Aptitudes necesarias

Pensamos que é fundamental ter espírito de sacrificio, ser moi constante, versátil ao mesmo tempo para adaptarnos aos cambios con facilidade e ter unha grande capacidade de comunicación e de negociación.

## Guía de Actividad

**Axencias de publicidade** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

### O reto que supón

## Formación

### ¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si, ademais dos meus estudos (licenciado en Económicas e especializado en dirección de empresas TIC), fixen varios cursos de formación e especialización, entre eles o programa LANZA e o Seminario de Planificación Empresarial do IGAPE.

### ¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si, considerámolo moi importante.



## Anecdótico

Sobre todo ao principio, existía un descoñecemento case absoluto sobre o que vendíamos, e atopámonos con situacións curiosas, así que acuñamos a expresión de “non é o mesmo pop up que pop star” para expor en clave de humor os servizos que ofrecía Internet.

